

Carapaus

Un *carapau* é un peixe mariño, de nome científico *Trachurus trachurus* (Linné, 1758) pertencente á familia dos *Carangidae*; tamén adoita chamarse xurelo, xirelo, chicharro ou chincho na súa xuventude. Carapaus é un grupo de música tradicional formado en Santiago de Compostela no verán do 2010, integrado por Emilio Lois, gaiteiro da Baña, mestre en numerosas asociacións de música e cultura tradicionais, como OCT Ulteira; Oli Xiráldez (fautas), artesán e músico de longa traxectoria, membro de Chouteira e colaborador de Malvela, entre outros; Gustavo Couto (voz e tamboril), mestre de baile tradicional e coautor do libro *Bailabén* (Edicións do Cumio, 2010); Sabela Galbán (voz e acordeón), estudante de fruta traveseira no Conservatorio de Música Superior da Coruña, e Adrián Lareo (bombo e voz), gaiteiro e estudante de CAIM Gaita na EMAO.

O primeiro disco de Carapaus, *Conservas de música tradicional* foi gravado no estudio Casa de Tolos (Mañufe, Gondomar), no ano 2012. Contén 10 temas tradicionais, como unha xota dos Campaneiros ou o Pezinho da Vila.

Logo de percorrer escenarios, amenizar torreiros e romarías do país, entre os meses de xaneiro e febreiro do 2015, gravaron o seu segundo álbum, *Déixao andar...*, no estudio A Ponte (Roxos, Santiago de Compostela). *Déixao andar...* foi presentado o 16 de maio na Sala Capitol de Santiago de Compostela con grande éxito de público. Un traballo que tenta amosar a riqueza da música tradicional galega ao longo de 13 temas, entre os que se achan pezas populares como a Foliada de Trabanca ou os pasodobres dos Portelas e de Manuel Viqueira, cabo de pezas de composición asinadas por Emilio Lois. Sons tradicionais que reproducen coplas populares e outras que falan dos problemas do noso tempo, tecidas por Sabela Galbán e Gustavo Couto. Destaca, coma no primeiro disco, a sonoridade da gaita, no entanto, este álbum conta coas colaboracións de Josinho da Teixeira (voz solista e tambor en Tanto nos Ten), e o gaiteiro Luis 'O Caruncho'. A cantautora María Xosé Silvar 'Sés', é autora da letra e da melodía do "Canto de Baltasar".

Baixo a proclama *Somos ghaiteiros, somos revolucionarios*, Carapaus teima en amosar a música tradicional galega, así como fornecer con pezas de composición de fondo trazo tradicional o acervo cultural galego.



Contratación:
info@culturactiva.org
981 582 836